

A pesca da balea na Galiza: unha visión de conxunto dende a Idade Media ate a Moratoria do ano 1986

Comezaremos apuntando que a historia da pesca da balea na Galiza aínda está por facer; contamos con valiosos traballos de Elisa Ferreiro, Andrés Canoura e Lino Pazos, para os períodos da Idade Media, Moderna e Contemporánea, respectivamente, pero carecemos dunha monografía que relacione de maneira analítica os procesos acontecidos nas distintas etapas e dea unha perspectiva completa e coerente dunha actividade que, por momentos, sinaladamente o século XVII e o século XX, acadou unha certa relevancia dentro dos distintos sistemas pesqueiros do noso país e compartiu, xunto co País Vasco, a primacía dentro do Estado español. En definitiva, con esta achega pretendemos aportar unha primeira visión de conxunto das actividades baleeiras na beiramar galega no período comprendido entre a Alta Idade Media e a desaparición da derradeira factoría de Caneliñas (Cee), co gallo da Moratoria de pesca da balea acordada pola Comisión Ballenera Internacional (CBI) a partir de 1986.

De maneira moi sintética, distinguiremos 4 etapas no devalar da pesca da balea na Galiza:

1^a) Período comprendido entre a Idade Antiga e o século XVI. Malia que hai restos arqueolóxicos que amosan unha actividade baleeira nas costas galegas durante a antiguidade e a Alta Idade Media (O Portiño de Meirás-Valdoviño; San Cibrao-Cervo,...), a primeira referencia escrita atopámola nun documento real atribuído ao monarca Sancho IV que, no ano 1288, confirma ao Mosteiro de Sobrado dos Monxes (A Coruña) o “*diezmo de la ballenaçión*” que se matase na costa de O Ferrol. Posteriormente, temos a primeira noticia escrita da actividade nas nosas costas dos baleeiros vascos, daquela auténticos controladores do mercado medieval da graxa da balea mercé á intensiva pesca da balea franca ou balea vasca (*Eubalaena glacialis*) no Golfo de Biscaia, cando no ano 1371 o rei Enrique IV concede aos mariñeiros de Guipúzkoa e Biscaia que pescaban baleas no litoral de Asturias e Galiza a exención do chamado “*derecho de la mar*”. Posteriormente, no século XV a presenza vasca fíxose moito máis intensa, debido á redución de capturas no Golfo de Biscaia, provocada pola progresiva desaparición da especie causada polo excesivo esforzo pesqueiro de que foi obxecto.

Aínda que as pescas dos mariñeiros vascos non se reducían á balea franca, capturando en menor medida a balea xibarte ou xibardo e o rorcual común, a explotación daquela foi moito máis intensiva debido a que nas súas migracións anuais pasaban perto da costa galega e cantábrica dende novembro ate marzo, nadaban máis de vagar que outras especies, posuían unha maior capa de graxa que ningún outro cetáceo e non afundían unha vez mortas.

Deste xeito e ate o século XVI, os vascos, quer da banda francesa quer da española, desenvolveron nos portos do Cantábrico galego (dende Ribadeo ate Bares) e na Costa da Morte (dende Caión ata Camariñas) unha intensiva pesca costeira da balea de carácter estacional sen ningún impedimento por parte das autoridades xurisdiccionais da Galiza, ben da Igrexa (arzobispado de Santiago, obispado de Mondoñedo), ben da Coroa. Daquela, o persoal galego xogaba únicamente un papel de asistente, de maneira que as compañías eran vascas e tamén o persoal que tiña a calidade de experto: capitáns das embarcacións, temoneiros, arponeiros e toneleiros. Neste período, o principal produto obtido das baleas era o “saín”, ou graxa de aceite empregada no alumbrado, que ardía sen desprender fume nin olor, máis tamén as barbas, un dos escasos materiais flexibles da época. A carne a penas se consumía en España, pero conservada en salmoira vendíase no País Vasco francés. Por último, os osos servían como material de construción, adorno e para a elaboración de mobeis rústicos. De feito, en portos como San Cibrao, Caión ou Malpica, aínda se conservaban a comezos do século XX algúns exemplos en casas particulares ou pequenas construcións do litoral.

2ª) Os séculos XVI e XVII. Antes que nada, é preciso falar do método de pesca da balea naquela época, a cabalo entre o Medievo e a Idade Moderna. Isto describíuno moi gráficamente o licenciado andaluz Bartolomé Sagrario de Molina, nun escrito datado en 1550; nel, referíndose aos portos lucenses de Burela e San Cibrao, apunta: *“Aquí, en estos dos, se matan también ballenas porque, como dije arriba, acuden siempre a los puertos bravos. La manera con que las matan es esta: súbese una atalaya a la punta de una sierra que cae sobre la mar y de allí ve de lejos saltar cantidad de agua para arriba haciendo mucha espuma, y aún la misma ballena viene la mitad del cuerpo fuera de el agua, y así la atalaya da aviso a los marineros los quales, armando sus barcas y poniendo dentro mucha cantidad de cuerdas, y en los cabos atados unos dardos arponados, se van a ellas y tirándoles, como se sienten heridas, van luego muy bravas por lo alto de la mar llevando metidos aquellos arpones, y los pescadores, dándoles*

siempre cuerda, las siguen hasta que ya, de muy desangradas y perdida aquella furia, las traen tirando de ellas hasta tierra, donde haciendo grandes fuegos sacan de ellas mucho aceite”¹. Ou sexa, uns métodos que en pouco se distinguían dos utilizados nas Illas dos Açores na segunda metade do século XIX².

Compre, asemade, coñecer a base material sobre a que se sustentaba esta pesquería costeira: a atalaia, as chalupas vascas (embarcacións de entre 6,5 e 8 metros de eslora, de dúas proas e roda convexa, dous paos que armaban vela ao tercio e seis remos, tripuladas por 6 homes amáis do temoneiro e do arponeiro), o utillaxe (os arpóns, as arponeiras, as lanzas de sangrar ou “sangradeiras”, as estachas, os toneis, os machetas, os coitelos...), as casas de baleas (construcións de pedra situadas na beiramar, compostas por dúas estancias: unha para os fornos e as caldeiras de cocer a graxa; outra, que servía de almacén e residencia dos pescadores bascos deslocalados temporalmente nas costas galegas), etc.. Neste eido, a influencia dos baleeiros vascos foi total, de maneira que no litoral galego, tanto os métodos de captura, as embarcacións, o utillaxe, así como a infraestrutura en terra ou a propia tonelería, foron importados de Euskadi. Alí, no primeiro tercio do séc. XVI, se iniciaban as grandes expedicións de pesca de altura da balea, dirixidas cara Terranova ou á Península do Labrador.

Con todo, a partir de mediados daquel século tivo lugar un duplo proceso, consistente na inxerencia e control das institucións, nomeadamente a Coroa e a Igrexa, para asegurar a limitación da actividade pesqueira aos súbditos españois e a percepción de parte dos excedentes da mesma. Esta regulación, vai ir acompañada dunha progresiva substitución dos axentes vascos polos galegos na pesca da balea unha vez rematado o período anterior de “aprendizaxe”, de maneira que a empresa baleeira converteuse nun negocio directamente explotado polos galegos, que procuraron, agás casos illados, a colaboración de expertos vascos a prol de mellorar a calidade da pesca.

No primeiro aspecto, destacaron as 4 Cédulas reais emitidas polo emperador Carlos V entre 1521 e 1535, que impediron as actividades baleeiras que tradicionalmente realizaban os pescadores vascofranceses no Cantábrico galego. Pola súa banda, o Obispado de Mondoñedo, titular dos dereitos de pesca dos portos dese espazo litoral, instauró dende 1547 un *décimo* sobre as baleas pescadas nesta contorna, feito que

¹ Molina, B. “*Descripción del reyno de Galicia por el Licenciado Molina*”, transcición, notas y comentarios de José Antonio Parrilla, 1998.

² Clarke, R. “*Baleação em Botes de Boca Aberta nos Mares dos Açores*”, Tradução Fernando Jorge Faria da Silva, Ed. propia de autor e tradutor, Ponta Delgada, 2001.

perjudicou ás compañías vascas e orixinou non poucos pleitos e conflitos. O cobro deste tributo estendéuse ata o ano 1718 e tamén contribuiu a que a Catedral de Mondoñedo se incorporase andando o século XVII ás sociedades baleeiras locais que, como aconteceu en San Cibrao e Burela, aos poucos foron impoñéndose ás vascas. Este proceso de substitución das compañías vascas polas galegas, chegou ao seu punto álxido no século XVII e manifestouse de maneira diferenciada no Cantábrico galego e na Costa da Morte. Mentres na primeira zona predominou a colaboración das empresas galegas coas vascas, ou, se quixer a contratación de especialistas procedentes de Euskadi, na Costa da Morte a tendencia agudizouse en Malpica, pois a partir de 1615 as compañías vascas foron expulsadas do porto, facéndose cargo en exclusiva os axentes locais da pesca e a transformación da balea.

En calquera caso, en contraste coa aguda crise que vive esta pesquería en Euskadi (desaparición da balea franca no Golfo de Biscaia, expulsión de Terranova e O Labrador a mans de ingleses e holandeses), durante o séc. XVII Galiza será a rexión baleeira por excelencia dentro do Estado español³.

O período remata coa progresiva redución das capturas da balea franca, froito do excesivo esforzo pesqueiro⁴ que acabou con elas en todo o Atlántico oriental e provocou a delongada ruína económica de portos do Cantábrico galego como Burela. Malia a consolidación dun espazo pesqueiro controlado exclusivamente polas comunidades de pescadores e os armadores galegos, a ausencia na Galiza de grandes compañías de pesca de altura que, como acontecía en Euskadi, arriscaban grandes investimentos nas grandes expedicións americanas na procura da balea groenlándica ou “*Misticetus*” financiados cos excedentes procedentes da industria siderúrxica e da industria naval, impediu a continuación das actividades baleeiras unha vez que, no século XVIII, as migracións das baleas francas desapareceron das costas galegas. Permaneceu, non obstante, o paso doutros cetáceos como o orcuál común ou a balea xibardo a máis de 20 millas do noso litoral, inalcanzables cos medios económicos e técnicos disponibles para os pescadores galegos daquel tempo. Haberá que agardar, pois, ao século XX para que as condicións muden e se poida retomar a actividade baleeira na Galiza, se ben a cargo de capitais foranos.

³ Ciriquiáin-Gaiztarro, M. “*Los Vascos en la pesca de la ballena*”, San Sebastián, 1961.

⁴ Outros autores poñen o acento asemade na mudanza climática que trouxo como consecuencia o quecemento das augas.

Fora do noso país, e naquel tempo de abandono da “baleaço”, certos patróns e arponeiros galegos e vascos continuaran coa profesión, pois hai indicios de que algúns deles foron contratados, na altura do século XVIII, para exercer nas factorías que os Estados portugués e español implementaron no Brasil (na contorna da Bahía, nomeadamente) e nas costas de Arxentina (Patagonia) e Chile.

3ª) Iº tercio do século XX. Mediado o século XIX, unha serie de avances técnicos e novos usos relacionados coa transformación da balea, permitiron relanzar a “baleaço”, ralentizada quer pola drástica redución dalgunhas especies (baleas vasca e groenlándica), quer pola substitución da graxa de balea para alumbrado polo petróleo, favorecido polo seu prezo reducido tras a incorporación dos EEUU aos países produtores. Así, a xeralización do vapor nos navíos e a exitosa experimentación do canón lanza-arpóns en Noruega e Gran Bretaña, posibilitaron a pesca a escala industrial de cetáceos ate ese intre de difícil captura. Tamén, a utilización dos derivados da balea na industria farmacéutica, química ou alimentaria (pensos para gando), alén da cosmética, fixeron rendible outra volta a pesquería da balea.

No Estado español, aproveitando unha coxuntura favorable no mercado mundial do aceite de balea tras a Iª Guerra Mundial, as pescas retomáronse sen ningún tipo de control no Estreito de Gibraltar a cargo da “Compañía Ballenera Española”, empresa de capital, vapores e persoal de orixe norueguesa, radicada en Getares (Algeciras). A primeira regulación desta pesquería demorouse, non obstante, ata fins do ano 1923, data na que o Goberno español establecía mediante dúas Reais Ordes as condicións que as compañías deberían cumprir para poder acceder a unha licencia de pesca; entre elas, a prohibición da captura de cetáceos coas súas crías (práctica que case rematara noutrora coa balea franca), o aproveitamento obrigatorio de todos os despojos e a obriga de declarar mensualmente o número de baleas pescadas, así como a cantidade de barriles de aceite producidos.

Ao abeiro destas disposicións e correndo o ano 1924, vanse instalar na beiramar galega dúas empresas. En primeiro lugar, a “Sociedad Ballenera Española “Corona”, que fondeou na enseada de Barra (Cangas) e na Ría de Aldán o barco factoría “Rey Alfonso”, no que se transformaban as baleas a bordo izándoas polo costado⁵, sendo

⁵ Esta tecnoloxía xa era naquel tempo ultrapasada, pois os barcos factoría noruegueses da época xa incorporaran a rampa ou “slipway” que permitía izar os cetáceos pola popa.

aprovisionado por outros catro vapores que no verán se desprazaban diariamente nun radio de entre 20 e 50 millas na procura de capturas. Ao pouco tempo, a xa devandita “Compañía Ballenera Española” emprazou na abra de Caneliñas (Cee) outro barco factoría de orixe norueguesa, o “Blus”, ata que en maio de 1925 un forte temporal botóuno contra as pedras, perdéndose o barco. Como as pescas resultaran exitosas, meses despois a referida Compañía decidiu instalar na propia enseada de Caneliñas, a que sería primeira factoría baleeira de Galiza en terra firme, capaz de aproveitar todos os produtos e de calcinar os osos para abono, atendida por máis de cen homes e mulleres.

En resumidas contas, as dúas empresas, que realizaban na Galiza unha pesca costeira de carácter estacional sen que os barcos factoría abandonasen as enseadas e ivernando o resto dos vapores nas augas do Estreito de Gibraltar, eran de capital mixto noruegués-español, rexistrándose tan só a presenza na segunda compañía da coñecida familia de conserveiros Massó, con fábricas en Bueu e Cangas do Morrazo. Os buques, aqueles inconfundibles vapores chamados “catchers”, con casco de ferro, altas cofas de avistamento e pasarelas entre a ponte de mando e o canón emprazado na proa, foran construídos en Noruega ou Gran Bretaña; o persoal especializado de mar e terra, así como a tecnoloxía, eran tamén de orixe nórdica. Canto ao seu devalar, as dúas compañías remataron fusionándose mediados 1925 baixo a denominación de “Sociedad Anónima Corona”, concentrándose as faenas na factoría de Caneliñas a partir de 1929, data na que as reducidas capturas e a baixada dos prezos do óleo debido á creba da economía americana, aconsellaron o cese dos traballos en Barra, manténdose as actividades en Caneliñas ate 1938, tempo no que as consecuencias da Guerra Civil española e o inicio da IIª Guerra Mundial provocaron o peche da factoría ata comezos dos anos 50 do século pasado.

Para rematar con este período, compre apuntar que as duras condicións laborais imperantes na factoría de Caneliñas (traballo de rapaces, retribución a obra feita, 12 horas de traballo nos fornos para os cocedores de graxa, deficiente asistencia médica no caso de accidente laboral), determinaron a creación da primeira sociedade obreira de resistencia da bisbarra, a comezos do verán de 1925. Diante da negativa patronal a mudar o réxime laboral, o colectivo decretou na alborada de xullo daquel ano a retirada

do persoal de explotación, no que foi a primeira folga operaria da historia da Costa da Morte galega⁶.

4ª) 1951-1986. Coincidindo cunha importante suba do prezo do aceite de balea nos mercados internacionais unha vez finalizada a IIª Guerra Mundial, a factoría de Caneliñas retornou á actividade no ano 1951 agora a cargo da empresa “Industrias Balleneras S.A” (IBSA), utilizando dous vapores procedentes da factoría norteafricana de Benzú, pechada pouco antes debido á redución das capturas no Estreito de Gibraltar: polo que sabemos, no seu primeiro ano de explotación tería procesado a modesta cifra de algo máis de cen baleas. Aos poucos, as firmas Massó Hermanos, a constructora naval radicada en Vigo Barreras e a propia IBSA, constituiron no ano 1955 a sociedade “Factoría de Balea C.B.”, comezando de contado a funcionar o devandito establecemento en Cangas. Anos andados, en 1964, tamén se lle concedeu unha licenza de pesca da balea á firma Massó Hnos, o que lle permitiu radicar outra factoría no portiño cantábrico de Morás, perto da vila de San Cibrao, de vella raigame baleeira. Por último, as tres compañías vanse fusionar a comezos dos anos 70 baixo a común denominación de IBSA, cuxo accionariado estaba encabezado pola familia Massó. Curiosamente, a entrada en servizo do establecemento de Porto Morás, debeu perxudicar de xeito notorio á factoría do Caniçal, emprazada na Illa da Madeira pola “Empresa Baleeira Madeirense”, pois as súas capturas reduciron notabelmente as migracións dos cachalotes naquel arquipélago.

En consecuencia, pódese dicir que a partir de 1955, data na que pecha a derradeira factoría do Mediterráneo, a de Algeciras, debido á extinción das baleas no Golfo de Cádiz, Galiza ten a exclusiva desta pesquería no Estado español, apreciándose, asemade, a incorporación do empresariado e do capital galego ás distintas compañías. En cada unha delas, estiveron empregados en torno a un centenar de homes e mulleres, estas no envasado do aceite e da carne e nas labores subalternas, mentres o persoal masculino ocupábanse xeralmente do traslado e o despece das baleas con maquinaria especializada. As pescas realizábanse entre abril e outubro, internándose os vapores entre 20 e 150 millas mar adentro, na procura de cachalotes e rorcuales comúns para logo trasladalos a calquera das tres factorías. Curiosamente, nestes tempos en que as caldeiras de vapor foron arrombadas polos motores diesel, os vapores, de fabricación

⁶ Ver Pereira, D. “*Sindicalistas e Rebeldes. Anacos da historia do Movemento Obreiro na Galiza*”, 1998.

británica ou norueguesa, continuaron a facer o traballo da pesca da balea, debido ao seu navegar máis silencioso que facilitaba o achegamento aos cetáceos. Ao cabo, comprénsase que se ben a tecnoloxía era, como a nacionalidade dalgúns especialistas, norueguesa, pouco a pouco a dependencia do mercado xaponés na exportación da carne de balea, deu lugar á presenza de técnicos nipóns nos traballos de corte.

O Estado español non asinou ate o ano 1979 o tratado da CBI, que atribuíu a esta Comisión o control da caza dos cetáceos. Mentres, a conciencia da acelerada extinción das baleas vaíse extendendo pola cidadanía galega, que tamén expresa o seu malestar polas molestias que algunhas destas factorías provocan nun turismo costeiro a cada máis importante. Neste contexto e correndo o ano 1980, dous dos tres vapores baleeiros da compañía IBSA atracados no porto de Marín, sufrirán un atentado que afundirá definitivamente un deles. Paso a paso, a redución das cotas de pesca por parte da CBI, provocan o peche do establecemento de Morás (1979), primeiro e de Cangas (1985), despois. Ao cabo, a presión ecoloxista acadará en Brighton no ano 1983 unha Moratoria da pesca da balea por 4 anos, contados a partir de 1986, acordo que aínda segue a estar vixente. Con el vai dar cabo da súa existencia a factoría de Caneliñas, logo de 48 anos de discontínua andaina.

Con todo, ficará un supervivente daquela faina baleeira no noso país: o vapor “IBSA II”, de 44,5 metros de cumprimento, adquirido polo “Sandefjord Museu” de Noruega e rehabilitado tal cal foi construído en Middlesbrough (Gran Bretaña) no ano 1950, nos asteleiros Smith concretamente. Hoxe, o “Ibsa II” baixo a denominación de “Southern Actor”, navega outra volta baixo os coidados e o agarimo dun país que soubo incorporalo, para vergoña das autoridades e da sociedade civil da Galiza, ao seu patrimonio marítimo.

Para rematar, podemos preguntármonos que fica hoxendía de toda esta angueira colectiva: eis, numerosos topónimos na nosa beiramar (tal que o Pico do Atalaieiro, nas Illas Sisargas, perto de Malpica); algunha lenda e algún refrán dentro da nosa tradición oral; algún ex-voto illado, como o que se conserva na capela de San Andrés de Teixido; restos de utillaxe e osos de balea conservados no Museo de San Cibrao, no Museo Massó de Bueu, no Museo do Mar de Galicia ou na antiga fábrica dos Massó en Cangas; certas tallas nos dentes de cachalote; senllas investigacións de valía, que recuperan anacos da historia baleeira do país, e, ao cabo, as ruínas das factorías de Caneliñas e de Balea, ameazadas por escuras operacións urbanísticas, xunto coas

instalacións de Porto Morás, engulipadas pola fábrica de Alúmina-Aluminio alí emprazada. Unha modesta pegada merecedora de ser recuperada e conservada, a carón do testemuño dos derradeiros protagonistas, que precisamos recoller como fai o nº5 da Revista de Cultura Marítima “Ardentía” coas lembranzas do derradeiro arponeiro galego, para poder incorporalos á memoria colectiva da nosa xente de mar.

Dionísio Pereira

Bibliografía básica

- Barro Quelle, M, “*San Ciprián, parroquia de Lieiro*”, Ed. do Castro, Sada, 1989.
- Bernárdez, A. “La pesca en Galicia”, en Carrera y Candi, F. (dir.): *Geografía general del Reino de Galicia*. Barcelona, Casa Editorial Alberto Martín, ca. 1930.
- Canoura Quintana, A. “*A Pesca na Galicia do Século XVI*”, Consellería de Pesca da Xunta de Galicia, Santiago, 2007.
- Canoura Quintana, A, “*A Pesca da balea en Galicia nos séculos XVI e XVII*”, Consellería de Pesca, 2002.
- Ferreiro Priegue, E. “*Galicia en el comercio marítimo medieval*”, Fundación Barrié de la Maza, Coruña, 1988.
- Pazos, Lino J. “*Balleneros. Barcos-Factorías...siglo XX*”, Damaré Edicións, Pontevedra, 2008.